

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 17 DE NOVEMBRO DE 2017

<p><u>Asistentes</u></p> <p><u>SR. ALCALDE:</u> FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ</p> <p><u>CONCELLEIROS:</u> <u>Polo BNG:</u> MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ BERNARDO VARELA LÓPEZ MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ MARÍA TERESA DEVESA GRAÑA ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ MARÍA ISABEL POISA REY FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA MANUEL CID PÉREZ <u>Polo PP:</u> LUZ DOPORTO REAL JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ</p> <p><u>Polo PSdeG-PSOE:</u> ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA</p> <p><u>SECRETARIO:</u> Don Maximino Jardón Pedras</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS(13.30) do día DESASETE de NOVEMBRO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.</p> <p>Non asisten á sesión: MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ, concelleira do PP.</p> <p>Previamente comunicou a súa ausencia por razóns persoais.</p> <p>Sen incidencias.</p>
--	--

---&&&---

ORDE DO DIA

Único.- ORZAMENTO XERAL 2018.- Aprobación inicial, se procede.

Da conta o Alcalde sinalando que o orzamento ascende 6.350.000 euros en ingresos e gastos que, unha vez consolidados coa empresa Reatur, ascenden a 6.734.000 euros. No que respecta ao orzamento exclusivamente municipal, sen contar con Reatur, supón 314.000 euros mais que no 2017, incorporando os informes correspondentes que avalan a legalidade do orzamento. Significa tamén o Alcalde que, despois das vilas que, nos duplican en

poboación, O Barco, Carballiño, Verín, Xinzo e Barbadás, é o orzamento que ten unha maior cuantía do conxunto de concellos da provincia.

O orzamento, sinala o Alcalde, céntrase en dous grandes obxectivos: un obxectivo de dinamización económica, de xeración de emprego, e un obxectivo de calidade de vida cun capital social básico que poden disfrutar os veciños e ó mesmo tempo cunha política social dirixida a atender as necesidades da poboación de Allariz.

O gasto previsto, en materia de persoal, ascende a 2.497.000 euros (capítulo 1) que supón un 39% do orzamento, 2.128.000 euros no mantemento de servizos (capítulo 2), unha vocación inversora do 22,4%, cun 1.424.000 euros (capítulo 6) e un 2%, aproximadamente, en amortización de préstamos, 140.000 euros, así como 85.000 euros no capítulo 3 para gastos financeiros por intereses das pólizas de crédito e préstamos. O gasto de persoal incorpora as consignacións necesarias para o obradoiro de emprego que está en marcha, a consignación correspondente ao programa RISGA, tamén a previsión do 1% de incremento para o persoal, de acordo coa Lei do Orzamentos Xerais de Estado, que haberá que ver, finalmente, cál é a que establece a nova Lei dos Orzamentos cando se aprobe, así como, previa negociación co comité de empresa, o 100% da xornada laboral para aqueles traballadores que foran afectados polos recortes en diferentes servizos públicos que durante uns anos estiveron como fixos discontinuos cunha redución de xornada que no último exercicio era de dez meses e que agora pasarán a ter unha xornada completa. Eso fai que o orzamento teña esa cuantía en materia de gasto de persoal porque temén é certo que ó contrario que outras administracións públicas hai que ter presente que a xestión directa neste concello practícase en todos os ámbitos salvo en materia de augas cuxo servizo está contratado á empresa Espina e Defín; é dicir, dende o servizo da piscina climatizada ata a axuda no fogar, pasando pola brigada de obras ou o servizo de alumeadado público son persoal contratado polo concello que fai que se teña unha plantilla media do entorno dos 100 traballadores e polo tanto cunha porcentaxe de gasto á que antes se fixo referencia.

2

Polo que respecta aos ingresos, os previstos polo IBI, IVTM, imposto sobre as construción, e IAE suman 1.821.000 euros, por taxas e prezos públicos, 1.534.000 euros, e as transferencias correntes que se reciben pola participación nos tributos do Estado e da Xunta son 1.929.000 euros, e por último, 540.000 euros, que se corresponden cos capítulos 5 e 6 por venda de parcelas en chorente e panteóns no cemiterio municipal e mesmo os ingresos dunha nova concesión por rematar durante o exercicio a concesión da Fábrica de Vilanova que sairá a concurso. Estas cantidades quedan complementadas con 491.000 euros que se corresponden coas transferencias doutras administracións.

A estimación dos ingresos faise baixo un principio de prudencia tendo en conta o rendemento da tesourería e da recadación municipais en relación ó 2017; mantense as taxas coas mesmas tarifas actuais, moitas delas no mínimo legal esixido, coa única excepción que xa aprobou na sesión anterior co incremento do 1,6% en auga e saneamento, destacando tamén o rendemento do patrimonio municipal aos que antes se fixo referencia como son os da concesión da Fábrica de Vilanova como pola venda de parcelas que se poderán efectuar no 2018.

Destaca tamén o Alcalde que o concello ten unha autonomía fiscal, medidas polo rendemento dos capítulos 1, 2 e 3 que supera á media estatal, do 61%, e que, se computamos os capítulos, 1,2,3 e 4, supoñen o 85% dos ingresos totais do concello que amparan a autonomía financeira do concello.

En canto ao destino destes ingresos municipais, a área de asistencia social son 511.865 euros, si sumamos a partida de educación, que básicamente ten ese carácter, na medida en que estamos a falar da galescola, da aula de espera, do programa de concilia verán, transporte escolar non obrigatorio son 222.641 euros mais que tamén ten este carácter social, o cal supón un 11,5% do orzamento; si se suman 300.759 euros que corresponden á área de cultura 456.956 euros, que corresponden á área de deportes, estamos a falar dunha cantidade no que practicamente o 23,5% do orzamento ten esta finalidade: 1 de cada 4 euros do gasto municipal vai destinado ou a asistencia social, ou a educación, cultura ou a actividade deportiva, polo tanto, unha cuantía importante nesa política social á que antes se facía referencia. A política municipal de servizos públicos léva outro 20% dos 6.350.000 euros, en electricidade e alumeadado público son 246.299 euros, auga 375.000 euros, lixo 433.476 euros e saneamento 205.000 euros o que fai un total de 1.259.775 euros: 1 de cada 5 euros do orzamento municipal tería esa finalidade.

Un capítulo importante no que o concello sempre ten mantido unha política estratéxica ten que ver co fomento do emprego, comercio, turismo e apoio á pequena e mediana empresa, practicamente un 6% do orzamento con 359.310 euros que terían esa finalidade. Tamén destaca, pola importancia que ten, na calidade de vida no que Allariz é un referente, é as zonas verdes, os parques municipais e a protección e mellora do medio ambiente que ten unha consignación aproximada do 3% do orzamento 180.574 euros e por último, indicar que aspectos como o de política de seguridade e orden público, capítulo da Policía Municipal, ten un importe do 2,5% do orzamento 153.268 euros.

Esta é fundamentalmente a orientación e as áreas de gasto, e dentro destas áreas de gasto, facendo mención á vocación inversora do orzamento cun 22,4%, practicamente tamén 1 de cada 4 euros do orzamento, ten a posibilidade e a previsión de inversións con dous grandes apartados: mellora de infraestrutura e equipamentos que contribúen a ter e facer do concello un referente en calidade de vida, e tamén apoiar, impusar e poñer en marcha, actuando como locomotora da actividade económica municipal. Dese 1.424.000 euros nos diferentes programas do apartado de inversións financiado, en boa medida, con fondos propios, salvo os correspondentes ao capítulo de transferencias doutras administracións, hai, por unha parte, unha aposta moi importante na mellora das infraestruturas e equipamentos na rede viaria municipal cun amplo programa para complementar as labores de mantemento que a propia brigada establece para, a través de regos asfálticos, contribuir á mellora dunha infraestrutura que é moi ampla, son 86 kms² do concello, con 92 núcleos de poboación, cos seus accesos que suman centos de kms e polo tanto ese amentemento faise necesario cada ano.

Unha aposta tamén pola 2ª fase de execución, en colaboración coa Deputación Provincial, para os camiños escolares que permitiría poñer en marcha esta experiencia significativa e singular de interese en moitos ámbitos, tamén no educativo; unha previsión de adquisición dun novo camión de recollida do lixo dado o grao de kms e tamén antigüidade dos que vimos mantendo, despois de que o ano pasado se adquirira a barredora e tamén, en relación ó programa RE a adquisición dunha camioneta que permitirá facer a recollida porta a porta dos establecementos comerciais, da hostalería, para dar un novo impulso a esa recollida selectiva para tamén mellorar desde ese punto de vista o entorno do propio Casco Histórico e o estado dos contedores de recollida de lixo.

En mellora de das infraestruturas e equipamentos tamén figuran a previsión dun programa de aforro enerxético de continuidade das iniciativas que se teñen desenvolto así

como tamén de mellora da actividade comercial, facer unha intervención na prazo do matadoiro, unha praza singular no entorno do Casco Histórico que non presenta a mellor imaxe do que debe ser un complemento do mercado semanal da Reserva da Biosfera que alí se desenvolve.

No desenvolvemento de proxectos de cara á dinamización económica están as fases de continuidade que vimos facendo ano tras ano como son as excavacións arqueolóxicas en Santa Mariña, Armea e San Salvador, como é tamén unha nova edición do Festival Internacional de Xardíns, a 9ª edición, co reforzo que teñen na capacidade de atracción que ten Allariz; e estase estudando con axentes interesados a posibilidade dun Centro de Transformación de Producción Local, un viveiro de empresas, pero que teña mais unha finalidade de qué produtores poideran facer valor engadido coa transformación, envasado a través desta infraestrutura que o concello pensa apoiar. Tamén se está en contacto coa Reserva da Biosfera, cos concellos da mesma, para establecer un rota de BTT homologada para esta actividade de promoción turística e hai tamén un amplo abano de accións de apoio á actividade comercial que están contempladas no orzamento, así como un impulso importante a medidas estruturais para a prevención de incendios e tamen para contribuir á base territorial das explotacións e a un maior aproveitamento do noso territorio. Nese sentido, o programa de inversións vai permitir, sinala, centrar moitas destas iniciativas a partir de xaneiro do 2018.

En relación á memoria que presenta a alcaldía hai tamén un estudio detallado no que se recolle a débeda financeira do concello e as previsións de amortización que hai para o ano 2018. A 31.12.2017, despois de amortizar 351.381 euros a longo prazo e 125.000 euros nas pólizas de crédito temos un saldo de 4.126.389 euros de préstamos a longo e corto prazo, co cual cúmprese o obxectivo que nos marcáramos ó inicio do ano 2017 de situar a débeda dentro do marco legal por debaixo do 75% dos ingresos ordinarios e no ano 2018 temos a previsión dunha amortización de 120.000 euros no préstamo formalizado con Abanca, antes fora con Caixagalicia, porque temos aprobado un período de carencia de tres anos para os préstamos firmados con La Caixa e Banco Santander e polo tanto vamos facer ese maior esforzo de amortización, inicialmente un mínimo de 175.000 euros nas pólizas de crédito para que o saldo a 31 de decembro do 2018, como mínimo sexa de 3.831.398 euros o que significaría que nos situaríamos no entorno do 68% dos ingresos ordinarios.

En canto ó orzamento consolidado e ás previsións que Reatur, SA ten de cara a este exercicio contempla unha continuidade na linea ascendente dos últimos anos nos servizos que a empresa xestiona directamente, o camping e a hípica, bungalós, programa de outlets, apartamentos turísticos da praza de Abaixo e plan de visitas guiadas a grupos. Polo tanto, cun obxectivo de cifra de negocio que supera os 300 mil euros, cun persoal fixo (cuestión que se demandou na comisión de facenda) de 6 persoas que atenden estas instalacións, mais os reforzos de verán para a campaña, así como cursos establecidos ó longo do 2018. Tamén indica o Alcalde que por parte de Reatur se ten feito unha importante saneamento financeiro que ten levado a que neste 2017 se amortizase o préstamo formalizado con La Caixa que permite reducir a débeda ata os 71.400 euros a 31 de decembro e tendo tamén ó longo do vindeiro ano a amortización do préstamos suscrito co Banco Sabadell que quedará cancelado.

Para rematar esta exposición, lamenta o Alcalde que o orzamento non poda ser mellorado significativamente a través da aportación de Deputación Provincial como fan as restantes deputacións galegas sufrindo unha importante discriminación os concellos da

provincia de Ourense por non contar cun plan único de obras e servizos, que se fóramos un concello lugués a aportación estaría no entorno dos 400 mil euros, se fóramos pontevedreses no entorno de 700 mil e se fóramos coruñeses cerca dun millón de euros. Para o concello isto é unha eiva importante como tamén é o feito de que os concellos galegos teñamos unha importante discriminación dentro do Estado cifrada en mais de 50 euros por habitante á hora de recibir os fondos correspondentes á participación nos tributos do Estado. Non obstante, para o grupo municipal do BNG este orzamento avanza na liña de transformación positiva do noso concello pondo o acento na política social, na dinamización económica e na xeración de emprego e no disfrute dun capital social básico para os veciños e veciñas de Allariz en equipamentos e servizos de calidade de vida que fan posible que o noso concello siga avanzando ano tras ano a través da política económica que o propio orzamento contempla.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que o conveniente sería deixar o orzamento sobre a mesa ata que se podan aclarar cuestións importantes que se puxeron de manifesto desde a recepción de todo o expediente por todos os grupos municipais. Un orzamento é unha declaración de intencións e os datos que se van analizar corroboran esa afirmación que a miúdo ten dito de que é unha declaración de intención e de que neste concello os orzamentos normalmente están inchados e non se corresponden coa realidade. O orzamento ademais de todas as cifras que se acaban de expoñer teñen unha serie de informes nos que se ten que indicar que cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, coa regra de gasto e co teito de gasto. O primeiro informe que se recibiu pódose contactar a tempo cos servizos xurídicos, había uns erros que se poideron subsanar. Nesto quere facer unha apreciación, o feito de ter que aprobar os orzamentos sempre a golpe de presa, xa non é a primeira vez que nos leva a ter problemas ou á última hora non ser capaces de analizar ben a información; a golpe de presa porque esta documentación pode terse con tempo para poder estuiala, poder detectar erros, porque os erros son humanos e poden ocorrer en calquer momento sobre todo cando estamos falando de equipos informáticos, de bases de datos e demais, de forma que esas cousas poden suceder. Pero qué ocorre se estes erros non se houberan podido advertilos, ocorrería que o que se houbera enviado a Facenda sería un documento erróneo. O primeiro informe dicía que se cumpría a regra de gasto e na páxina seguinte contradecía porque se vía un exceso de gasto de 400 mil euros, é dicir, que non se cumpría. Durante esta mañá pudo falar co Secretario e parece ser que había un erro nos datos. Parece ser porque como ó final non lles da tempo a comprobar a realidade teñen que interpretar que o que reciben con toda a boa vontade dos servizos xurídicos do concello pero que non lles da tempo a corroborar as cousas tal e como son. Producto de este erro, estanse cargando o capítulo de inversións, é dicir, como declaración de intencións que é, o equipo de goberno dí, e para cuadrar o orzamento, cuadrar os gastos, díse que se van ingresar unha serie de cartos, tantos como 915.000 euros, que non tiñan previsto ingresar e isto está ocorrendo en Allariz polo menos desde o ano 2007 en que é concelleira, ano tras ano, e por eso temos unha débeda cos bancos de mais de catro millóns de euros, entre longo e curto prazo, precisamente polos parámetros polos que nos rexímos con Facenda que se ven co orzamento do que o Alcalde sempre presume de ter superavit e polas contas xerais, o que ocorre é que se presupuestamos barbaridades e se sabe a conciencia que non se teñen os fondos para acometelos pagos desas barbaridades ó final o que temos é unha débeda que se vai incementando ano tras ano, e ó final quen o paga son os allaricanos.

A realidade hoxe é que tal e como se presenta a documentación dos investimentos vaise investir só un 8% do orzamento. Nos informes dísenos que se van minorar para cumprir a regra de gasto 1.337.000 euros, se se tiñan previsto en investimentos 1.424.000 euros, de ahí a cifra que resulta, segundo a concelleira. É dicir, que se se presenta un plan de investimentos de 1.424.000 euros e xa neste mesmo momento da súa aprobación xa se admite que se minora en 1.337.000 euros, é dicir, o capítulo 6 e 7 de investimentos elimínase, a venda de parcelas de chorenta como dicimos tódolos anos, son unha utopía, os dereitos funerarios non se cumpren ningún ano, de feito poden ser un colchón para cando se teñan excesos para minorar o orzamento e ir cumprindo coa conta xeral, porque damos esas partidas de baixa, entón ese colchón está sendo sempre un balón de osíxeno para que o Alcalde non controle o gasto, ésa é a realidade, afirma. Do capítulo 6 estámonos quitando de diante, sinala, 491.000 euros de transferencias de capital que exactamente coinciden co que tamén se minora no informe de secretaría-intervención que se presenta para darlle legalidade ao orzamento; é dicir, isto nolo cargamos e os outros 933.000 euros que quedarían quitámoslle 422.000 euros que se dí que é o axuste por grao de non execución do gasto. É dicir, estamos recoñecendo que, clarísimamente, que non se vai executar, porque non podremos executar, este orzamento. Todo isto pódenos levar a un novo plan económico financeiro sen remedio, ou agora, ou durante o ano. Por eso pide que quede sobre a mesa, porque cos datos que temos agora mesmo e percatados e subsanados, se se subsanaron correctamente, porque as presas a veces nos fan volver a cometer erros, ao mellor xa tiñamos que ter aprobado un plan económico financeiro porque no 2016 non cumpre, e probablemente non cúmpla no 2017, é dicir, outro mais. E os plans económico financeiros hai que aplicalos no ano en curso, serían tres ou catro desde que se pediron os créditos para os pagos a acredores.

É dicir, neste concello están sobrevivindo e malamente, e están sobrevivindo vostedes porque ós alaricanos non lles repercute absolutamente nada, e esto sae dunha páxina onde se dí que se minora 1.337.000 euros, nin mais nin menos, afirma. Non hai mais, vamos pagando a trancas e barrancas, tarde mal e nunca, a veces é entendible, porque estamos falando do 2018, cando o Alcalde dicía no 2015 que ia ser a última vez que se presentaba ás eleccións, con isto é entendible, afirma. Á concelleira xenéralle outra dúbida o feito destas minoracións, porque, claro, se de repente quitamos 424.000 euros e quitamos de ingresos 915.000 euros xa non sabe se neste momento o orzamento está cumprindo coa estabilidade porque a ela lle dá que quedarían para gastos cinco millóns, porque se somos realistas, coa débeda que temos deberíamos ser realistas, o que dín estes documentos e estas cifras é que temos para gastos 5.941.000 euros e de ingresos 5.450.000 euros, é dicir, non hai estabilidade. Co cal, xenera tantas dúbidas de que o que estamos aprobando hoxe sexa legal que o mais sensato e o mais coherente segundo o artigo 92 do ROF sería que quedara sobre a mesa, dar lugar a analizar ben todos os datos sen que sexa atropelladamente, e podamos debater tranquilamente e serenamente e aportar as propostas que os grupos queiran aportar sobre datos fiables, porque neste momento o que hai encima da mesa non é fiable. Polo tanto, o seu grupo vai votar en contra do orzamento e pide a retirada do mesmo ata poder analízalo con calma e poder facer as súas aportacións tranquilamente e con datos solventes, reais, e con presunción de cifras adecuadas que, neste momento, non teñen, conclúe.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que, comenzando polas cifras, o orzamento presenta un incremento de 314.209 euros, o que supón un 5,19% con respecto ó orzamento do 2017. No estado de gastos destaca que o 72,6% do orzamento vai para persoal, gasto corrente e servizos, co cal os investimentos reais só supoñen un 22,4%. A diferenza é sustanciosa, afirma. No capítulo 9 e 6 de ingresos amósannos que todo sigue igual que o ano pasado, o convenio coa mancomunidade de montes de Penamá xa viña previsto no ano 2017 o mesmo que acontece co programa de camiños escolares. No anexo de investimentos aparece unha partida xenérica do Plan Allariz 2020 de 624.307 euros que sería moi bó desgranar, sobre todo facendo fincapé no tema da transparencia. E por último sulñar que, con respecto á débeda municipal, que ascende a 4.126.398 euros é unha cifra importante e preocupante.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que él escoita con moita atención as aportacións do grupo municipal do Partido Popular, pero cando temos cifras concretas e as cifras son contundentes e claras entón non quere falar de cifras, empeza a falar de *ruxe-ruxe*, xogo revoltó, nada de fair play, todo é absolutamente ilegal, que quede sobre a mesa, o mesmo que cando se anunciaba a ruina do concello, que se tería que despedir ó persoal, e agora seguen na mesma, sinala, e pola mesma causa xustifican que él mesmo vai deixar de ser alcalde, que non é por esas razóns, senón porque leva tempo xa na alcaldía.

Cree o Alcalde que é unha mala política, para xustificar unha posición, recurrir ás dúbidas, recurrir a cuestións de suposta inseguridade xurídica,, porque ao final da portavoz e do propio alcalde hai uns técnicos municipais, hai un Consello de Contas, un Ministerio de Facenda que vaia se controla, tanto que a autonomía municipal xa deixou de existir, xa non só cos concellos senón, como se ve, incluso cunha administración autonómica como Cataluña. Antes ninguén podía anular un acordo municipal, salvo os tribunais en vía contenciosa; agora, no ámbito económico os Secretario-Interventores son como axentes de negro ó servizo do Ministerio de Facenda e dos seus programas informáticos, co pretexto da estabilidade orzamentaria, co pretexto da lei de racionalización e sostibilidade da administración local que limita as competencias pero despois ven o Sr. Feijoo [presidente da Xunta de Galicia] e dínos que temos que ter brigadas de extinción aínda que non teñamos ningunha destas competencias. Ésta é a realidade, afirma.

Aludir a estes supostos incumprimentos non é unha boa política porque ao final quen queda realmente ó descuberto das súas posicións é o seu grupo, cando o Consello de Contas, o Tribunal de Cuentas, o propio Ministerio de Facenda, ou cando os técnicos municipais analizan esa situación non sucede nada do que a portavoz predí. Recorda o Alcalde que os orzamentos xa se entregaron o día 8, en Xunta de Portavoces, e posteriormente estregouse o conxunto da documentación con carácter previo á comisión de facenda para o seu estudio. Desde o punto de vista legal, tamén por unha razón sensata, seguramente a portavoz igual que o propio Alcalde quere que o orzamento entre en vigor o día 1 de xaneiro, e o grupo de goberno é moi cumpridor nese sentido da legalidade.

Se o orzamento forma unha expresión de desexos o primeiro que tería uns grandes apuros, o primeiro que tería que dar a cara sería o grupo municipal do BNG, ou o propio Alcalde, cando a 31 de decembro ten que analizar o cumprimento dos obxectivos marcados e cumprimento das cifras. Dentro de pouco vamos ter a liquidación do 2017, afirma, e pode compararse coas previsións que se fixeron cando se aprobaron os orzamentos de igual xeito que a 31 de decembro do 2018 vanse comparar as cifras da liquidacións coas previsións que agora se presentan.

Con respecto ás parcelas de Chorente, este ano adxudicáronse por valor de 114.000 euros e para o ano que ven xa se verá, sinala, porque o Ministro de Facenda parece que só hai que falar de débeda, non hai que falar de solvencia, de patrimonio, ou dos ingresos ordinarios que ten, uns 5.700.000 euros, aproximadamente. Polo tanto, se o gasto en materia de persoal é de dous millóns de euros e outros tantos en mantemento de servizos queda un millón aproximadamente do que o concello pode ter para amortizacións (este ano só se destinarán 120.000 euros, porque os préstamos de La Caixa e Santander están en período de carencia) mais o destinado a amortizar operacións de tesourería mais outro medio millón ou seiscentos mil para convenios con outras administracións e investimentos, polo tanto pratear que estas cifras son imposibles xa se verá cando a 31 de decembro se practiquen as liquidacións tanto a do 2017 como a do 2018. Polo demais, pode haber un interés por deixar sospeitas de legalidade que a portavoz quere trasladar pero que cumpre con todos os parámetros porque mesmo hai seguimentos trimestrais por parte do Ministerio de Facenda que se houberan detectado e non é así. Por certo, sinala, acaba de publicarse na prensa que a Deputación Provincial de Ourense foi requerida para a presentación dun plan económico financeiro ademais doutros concellos da provincia entre os que non está o de Allariz, afirma.

En contestación á intervención da portavoz do grupo municipal socialista considera que a política municipal que se ten seguido en Allariz é correcta e contribúe en primeiro lugar á satisfacción dos dous obxectivos antes sinalados: que os veciños de Allariz teñan uns estándares de calidade de vida que moitos concellos de vinte mil habitantes non teñen en materia de equipamentos e servizos públicos, como a cidade deportiva de O Seixo, Fogar dos Maiores cuns espazos axardinados e cafetería, a Casa da Mocidade e outros moitos. Por eso é evidente que o concello ten unha política que fai que os veciños de Allariz teñan o orgullo de poder vivir eiqú e disfrutar dese capital social básico a prezos moi asequibles que fan que mil euros eiqú rindan moito mais que mil nunha capital onde eses mesmos servizos son mais custosos porque ao mesmo tempo tamén hai que pagar outras moitas cousas; pero tamén se procura a dinamización económica, porque é evidente o concello foi quen puxo en marcha o programa de outlets, o mesmo quen fai que as rehabilitacións de espazos como as antigas fábricas de curtidos como a concesión que se vai convocar novamente para a fábrica de Vilanova, ou a do Portovello, igual que os espazos que hai no Casco Histórico que teñen esa vocación de actividade económica, xunto cunha política de eventos que permite que Allariz prolongue as temporadas altas reforzando a capacidade de atracción de visitantes.

O Alcalde cree que estas políticas son correctas de cara a conseguir o obxectivo de que os veciños de Allariz teñan mais calidade de vida e tamén teñan unha maior capacidade de actividade económica que fai, en definitiva, que ninguén se propoña cambiar a súa casa para trasladala a calquera dos concellos colindantes, porque o valor do patrimonio que hai en Allariz froito desa revalorización é evidente. A oportunidade da actividade comercial apréciase no ritmo que hai neste ano que se traduce en mais dun estableemento novo aberto por mes. Recoñece que hai dificultades económicas, a precariedade dos salarios, as limitacións da capacidade adquisitiva, pero naquelo que está na man do concello, aínda que son programas que teñen fases van na dirección correcta.

Cando se iniciou a aposta por un proxecto estratéxico como o Allariz 2020 aberto a todos os conxuntos sociais, aberto tamén ás Parróquias, o equipo de goberno pensou que apostar pola produción local, polo comercio de proximidade, por iniciativas que puxeran en marcha os recursos do sector primario era unha aposta de tempo pero que iba dar os seus

froitos, e a verdade é que sete anos despois imaxinar que poidéramos contar con castaña, cervexa, con outros produtos locais que se comercializan no mercado da Reserva da Biosfera non deixa de ser unha boa ilusión, afirma. Cando se falou de poñer en marcha o proxecto de carne de boi había moito escepticismo sobre esa posibilidade e hoxe é un evento económico dunha forte dinamización entre outubro e novembro para Allariz ademais de dinamización de cara ó futuro. Agora, abrírase unha nova fase, como se explica na memoria, que os trinta becerros que é a añada de cada ano a intención é de facer un plan, non de pastoreo no propio Monte de Penamá, no que xa hai carga gandeira suficiente, senón a través dun programa que se abrirá á participación de todos aqueles interesados en facelo e co pago por parte do concello dunha aportación de 500 euros que permita facer pastoreo en terreos de propietarios que nas diferentes parroquias podan utilizar para ter tamén un ingreso complementario por esa vía, de ingual xeito que se vai ampliar a base territorial en base ás peticións das explotacións existentes.

En relación á cuestión dos camiños escolares que demandaba a portavoz socialista, explica o Alcalde que é un programa que hai coa Deputación Provincial no que se fixo unha primeira fase de asfaltado da estrada de Xunqueira, que é da titularidade da Deputación, coa intención tamén por parte do concello de acceder a un convenio polo cal se traspase esa titularidade ó concello unha vez se remate o arranxo e que implicaría darlle un novo tratamento ó que é o Campo da Barreira desde a estrada, para que deixara de ter esa aparencia e tivera unha maior incardinación co Casco Histórico para que tivera mais aparencia de rúa (o tramo da estrada), con outra cor do asfalto e con pasos elevados como se fixo no primeiro tramo, e o concello faría un acceso seguro a través do que é o barrio do Couto para que os nenos e nenas non teñan que pasar pola curva tan pronunciada que hai na propia estrada.

En canto á porcentaxe destinada a investimentos, se o 22% é moito ou pouco é relativo, non hai mais que ver os niveis de investimento que publican outras administracións. Tamén se explicou que outros concellos poden ter menos consignación no capítulo 1 porque teñen mais xestión indirecta en traballos de mantemento e conservación, xardinería, piscina, axuda no fogar, todo eso suma bastante no capítulo 1, aínda que neste caso, o feito de que esté o obradoiro do emprego e o RISGA é unha parte importante.

En relación á cuestión da débeda sinala que hai uns máximos legais, o concello incumpliu nos últimos anos polas razóns de caída de ingresos na actividade económica e urbanística, mais do 10% dos ingresos do concello deixaron de efectivizarse e neste momento xa lle gustaría, sinala o Alcalde, que o Estado tivera o mesmo ratio de endebedamento ou que a Xunta de Galicia tamén tivera o mesmo ratio, porque a Xunta vai superando os once mil millóns de euros, nun orzamento de dez mil millóns, mentras que Allariz está nunha cifra que hai que ir reducindo, ése é o compromiso do equipo de goberno, aproveitando o período de carencia de tres anos dos préstamos do ICO, para cancelar o préstamo a longo prazo formalizado no seu día con Abanca por importe de 1.200.000 euros para financiar un programa de investimentos do programa Allariz 2020 e priorizando a eliminación de cincocentos mil euros das pólizas de crédito, de modo que neste exercicio e no que ven, estaríamos en situación de ter xa unha parte importante do orzamento municipal liberado para outras finalidades. O cal, sinala, resta realismo á crítica do Partido Popular, no sentido de que este concello é capaz de facer todo o que fai e o mesmo tempo pagar mais de cincocentos mil euros en amortización de préstamos, o día que xa non haxa que pagar esas amortizacións, disporanse deses mais de cincocentos mil euros para actividade económica e inversora.

Un pode intentar enganar a todos, sinala o Alcalde, ou enganarse así mesmo, pero ós bancos é difícil de enganar se non lle pagas a fin de mes, o mesmo que ós provedores, tamén é difícil de enganar ó propio persoal se non lles pagas, tamén é moi difícil de enganar á Seguridade Social e á Axencia Tributaria no IRPF, difícilísimo; polo tanto, sabemos das dificultades, afirma, pero se estamos en 62 días de período medio de pago, ése é o período, porque o dí a conta xeral, porque as facturas que hai pendentes son esas.

Pide que se entenda a defensa apasionada que se fai dos orzamentos ó tempo que tamén se entenda que a política que se ten feito é atinada porque ó final a economía onde mellor se poder ver, ou polo menos nunha parte importante, é na demografía, sinala, porque, que Allariz teña un crecemento continuado de poboación ó longo distes anos sen ter unha cabeceira de comarca ó redor que, salvo un par de concellos tan pretos de Ourense como Barbadás ou Pereiro, se teña ese comportamento de crecemento sostido algo terá que ver coa política municipal, afirma o Alcalde; porque a política do Estado e da Xunta é igual en todos os concellos, por eso algo influirá a programación e a actividade propia que o concello ten realizado. Por eso, sinala, hai razóns para seguir apostando por esta política e para que se siga facendo do orzamento municipal algo estratéxico para seguir avanzando nises dous grandes obxectivos, por eso o BNG entende que non hai razón para a súa retirada e vaino votar favorablemente.

Niste momento, o Alcalde rechaza unha intervención por parte do Secretario, sinalando que no expediente xa están os informes, que o Secretario xa deu explicacións á portavoz ó longo da mañán e polo tanto, afirma, se lle permite o Sr. Secretario non vamos abrir un debate sobre a cuestión xurídica porque está clara. Vamos a debatir sobre o fondo do orzamento sobre o que cada grupo considere.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, sinala que a resposta que deu o Alcalde o que ela pratexaba con todo rigor e en positivo só pode responder a uha actitude de egocentrismo que non acepta nin os erros que se podan cometer, porque non pode negar que no expediente había un informe cuns datos que, unha vez detectado o erro cun exceso de mais de catrocentos mil euros, esta mañán enviouse a corrección coa única diferenza de que aparece, dentro das minoracións propias da regra de gasto, para cadrar as cifras unha por grao de non execución do gasto. Acepta que pudo haber algún erro no traspaso se datos, acepta que esto pode ser así, porque eles son ben intencionados, defende a portavoz, e quere creer que efectivamente son erros, pero o importe por non execución do gasto que agora aparece de 422.000 euros ofrécelle moitas dúbidas porque con ese importe cúmprese a regra do gasto, ésa é a realidade, por eso o seu grupo pedía que quedara sobre a mesa para que todos poideran traballar coas cifras e facer as súas aportacións de maneira responsable. Porque hai aportacións que facer, como xa fixo algunha a portavoz socialista, porque o programa Allariz 2020 é un totum revolutum, xa foi unha mentira cando se fixo no ano 2010 para o Festival Internacional de Xardíns, e non se pode negar, afirma, porque o tempo, os documentos, as cifras, e os feitos, nunca se poden negar.

Daquela, cando os cartos que viñeran do Estado para o Festival Internacional de Xardíns xa se gastaran inventouse o Allariz 2020 para poder acometer aquela obra e non ter mais problemas. Admite que ela tamén se pode equivocar, como calquera, como pensa que foi un erro a cifra que figuraba no informe, é de humans, pero que se non se pode é actuar con soberbia, afirma. Gustaríalle ver desglosado o programa 2020, en aras da transparencia, porque querría ver todas as partidas específicas que describan todas as luminarias led, porque somos o último concello da provincia que non ten esto solucionado, que da vergoña

andar por moitos sitios de Allariz, mesmo na súa zona onde ela vive non se ve para abrir as cancelas para entrar nas casas, e como nesa zona, na maioría. Non vale só quedar ben cos visitantes, admite qué importante ter unha boa iluminación no Casco Histórico, ninguén llo discute, pero fagamos plans, porque hai subvencións para elo, para cambiar as luminarias de verdade en todo o concello, non poñer bombillas que non se sabe se son antigos faroles de candil porque non alumbran nada e con eso non se aforra nada.

Tamén reclama que se baixe a taxa do lixo, porque se neste momento, o mesmo Alcalde o recoñece, xa custa menos enviar o lixo a Sogama (un 30% menos) ¿por qué non repercute entón nos alaricanos esta rebaixa? Porque para conseguir esta rebaixa do lixo hai un esforzo por parte de todos os veciños en seleccionar, separar. Se non se repercute esta rebaixa na taxa é porque non convén, porque entón as cifras non cumprirían e non se pagarían os préstamos, ¿por qué non se baixan os impostos?, preguntase a concelleira. Porque, responde ela mesma, o Alcalde tería que responder que non pode facelo. Sobre o pago de facturas, pagos ós provedores, ós bancos e demais, a concelleira reclámalle que non dé leccións de cómo se pagan porque precisamente tivemos un rescate por parte do Goberno con dous préstamos por mais de tres millóns de euros no 2012 e no 2013 para pagar facturas agochadas no caixón por mais de tres millóns de euros, eso non é para presumir, afirma.

Efectivamente, a finais de ano queremos ver os informes de estabilidade e de cumprimento da regra de gasto, porque deberíamos velos cada tres meses, deberían pasarse ós grupos, xa que se fai gala de tanta transparencia deberían facelo, como non contestan por escrito ás preguntas que se lle fan porque ao mellor pensa que está por encima de todo, e non é así. Por eso, posto que ó Alcalde non lle gusta dar mais tempo para poder estudar as cousas, o mais sensato é que o seu grupo faga as súas alegacións contra o orzamento e cree que tamén sería necesario que formalicen unha consulta directamente ó Ministerio de Facenda para saber se este orzamento con estes informes é algo minimamente aceptable.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que, en aras da transparencia, o Partido Socialista insiste na necesidade do desglose da partida do Plan Allariz 2020. Por outro lado, os titulares dos medios de comunicación, cando o Sr. Alcalde presentou os orzamento fai uns días destacaban que Allariz aprobaría un orzamento que prevé excavacións en Armea, cria de bois e reciclaxe, pero para os socialistas o prioritario son as persoas e os problemas diarios. Bota en falta partidas específicas para a tarifa social de auga e saneamento, axudas para libros e material escolar, para o transporte público, investimentos na páxina web municipal que está baleira de contido, un plan de rehabilitación do comercio local, e dicir, mais incremento no gasto social, porque o investimento en cultura non é necesariamente un investimento en política social. Para o Partido Socialista os orzamentos son continuistas, non teñen como prioridade as persoas, falta sensibilidade, e non son singulares, por todo elo anuncia que o seu voto será a abstención.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que, antes de darlle a palabra ó Sr. Secretario porque, polo que parece, a portavoz do Partido Popular, insiste en non debatir sobre o fondo do orzamento, senón sobre outros aspectos mezclando todo para dar esa imaxe que non se corresponde coa realidade, porque o feito de que haxa unha minoración de gastos de 900 mil euros que non computan na regra da gasto non ten que ver con que haxa

a posibilidade de investir novecentos mil euros ou non, e que os gastos que son extraordinarios non computan na regra de gasto, é así de simple, afirma. Reitera que todos tiveron ocasión ó longo deste tempo de poder facer as aportacións e contribucións que se dí que lle gustaría facer, pero non chegou ningunha. Sobre as posibles aportacións, o concello está reducindo as entregas de lixo a Sogama, pero xa se explicou daquela que se conxelaban as taxas en 50 euros, en 70 euros, anuais, pola prestación deste servizo porque se prefería xerar actividade económica e aquí, xenerar emprego, e polo tanto, con ese 30% que non pagamos a Sogama, poder pagar os composteiros, a separación da materia orgánica, a separación das outras fraccións, non é que haxa un beneficio por parte do concello, o que hai é un mellor tratamento na recollida do lixo, desde o punto de vista medio ambiental, do retorno, e tamén desde o punto de vista económico.

O equipo de goberno, afirma, non ten ningún tipo de soberbia á hora de defender as súas ideas, pero de igual xeito que a portavoz do Partido Popular defende as súas, tamén terá que admitir que o grupo maioritario que ten a responsabilidade de gobernar poda defender as súas e poda levalas á práctica e, ademais, con datos, confirmar a boa marcha. Na boa marcha do concello, discrepa profundamente da concepción da política de beneficiencia ou de caridade non é a mellor política. A política das persoas é a que é capaz de facer un capital básico do que disfrutan todas as persoas, e ese capital básico en Allariz existe, aínda que non se querira ver; e ten a posibilidade de reforzar a calidade de vida dos propios veciños, e tamén de favorecer o emprego e a actividade económica, eso no quita que haxa persoas que teñen situacións de emerxencia. Pero un programa como o que se está prantexando cun 11% directo de asistencia social primaria, que son 511.865 euros, un programa de educación onde estamos falando de que o concello paga a cocíneira, a limpadora, o gasto corrente da escola infantil, un programa de aula de espera que atende ós nenos antes de entrar no coléxio, programa de conciliación ou de transporte escolar non obrigatorio, ó marxen de cultura e deportes, porque as escolas deportivas son 50 euros ó ano para calquera neno ou modalidade, todo isto é capital social básico, sinala.

A maiores, está de acordo en estudar co grupo socialista as propostas que considere, porque as indicacións que dan para servizos sociais é que en todos aqueles casos, non só nos casos de tarifas como sinala a concelleira, senón que se están dando axudas a persoas que non só teñen dificultades coas tarifas eléctricas, aluguer, tamén a calquera outra circunstancia extraordinaria que poda ocorrer. Detrás desta política económica están as persoas e as cifras e os programas o proban, afirma o Alcalde. Sobre o comercio en Allariz, xa se falará no pleno especificamente con cifras, cál é a realidade comercial en Allariz, comparando tamén con outras vilas da nosa dimensión e ata qué punto a política municipal é complice e colaboradora desa actividade económica, pero, insiste, está disposto a coñecer políticas concretas para poñer en marcha co propio sector, cos grupos municipais, abertos a poder facelo.

A continuación intervén o Secretario para explicar que o cómputo da regra de gasto fáise conforme ó disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e seguindo a Guía de Instrucións publicada polo Ministerio de Facenda, concretamente a 3ª edición de novembro de 2014, actualmente en vigor. En definitiva, o que se pretende coa regra de gasto é determinar o gasto computable na totalidade dos capítulos 1 a 7. Nise gasto computable hai unha serie de minoracións pero que non se poden tomar todas elas como un todo porque teñen distinta natureza xurídica. A concelleira citou unha suma de 1.337.000 euros, pero esta suma está composta por distintos apartados de minoración que é preciso

coñecer: minoración por intereses que non computan e que están amparados polo artigo 12 da Lei Orgánica, tamén se minoran os gastos financiados con gastos finalistas procedentes doutras administracións públicas (europea, estatal, da Xunta de Galicia, provinciais ou doutras administracións locais (484.000 no capítulo 4); na segunda estrutura, no apartado C2 de gastos de capital, tómanse en conta dous capítulos: o 6 e 7, e novamete minoranse determinados gastos que reducen o gasto computable, estimando como minorables o alleamento de dereitos funerarios (224.000 euros), o alleamento de parcelas no parque empresarial de Chorente (200.000 euros) e os gastos financiados con fondos finalistas do capítulo 7, distintos dos que antes se computaron no capítulo 4 (491.000 euros) e, finalmente, un apartado que suma 422.000 euros que responde a un axuste por grao de non execución do gasto. Ese é un gasto que se estima que non se vai executar. "Este axuste se estimará por cada entidade local en función de la experiencia acumulada de años anteriores", sinala o apartado 1.13 da guía- Ése é por tanto un axuste legal que fai a Secretaría-Intervención.

Con respecto á diferenza que había nos informes remitidos, xa tivo ocasión de explicarlle á portavoz ó longo da mañán que á hora de insertar datos que están nunha folla de cálculo nun documento de word non sempre se volcan correctamente, e desgraciadamente neste caso, a partida que non se incorporou foi a correspondente ó axuste por grao de non execución orzamentaria, non se engadiu con posterioridade, estivo prevista e contemplada desde o primeiro momento, conclúe.

Da intervención do Sr. Secretario, sinala o Alcalde, despréndese que non hai ningún impedimento legal para ese cumprimento, tamén considera que queda debidamente refrendado que os ingresos extraordinarios por venda de parcelas, dereitos funerarios, subvencións doutras administracións, unha cousa é que non computen para a regra do gasto e outra distinta é que non se podan investir, que non se podan gastar, claro que se poden gastar se se materializan, e non hai ningunha razón para dicir que o orzamento non vai ser executable, estes importes non computan para a regra de gasto, a regra de gasto é segundo o Alcalde un corsé (este ano a taxa de referencia é do 2,4%) para que haxa mais actividade económica, para contratar mais emprego.

Polo grupo municipal do Partido Popular a súa portavoz agradece a aclaración por parte do Sr. Secretario e non é necesario disculparse, porque o tema non é os servizos xurídicos do concello nin os técnicos do concello, senón cómo responde o Sr. Alcalde ás alusións que se fan cando, ante a dúbida, ante a premura, por favor poñamos as cousas sobre a mesa para poder analizar, poder falar, e podelas interpretar xunto cos servizos xurídicos e non apresada. Para rematar, dentro dos compromisos que ao Sr. Alcalde lle gusta acadar, píde que se cumpra coa banda musical de Allariz porque fai un ano, no 2016, cando se solicitaba que tiveran un local fixo para ensaios, a portavoz dicía que non había unha partida específica no orzamento do 2017 para poder facelo, quizá agora no 2018 se podería facer un cambio e habilitar unha partida específica dentro desde 2020 que un totum revolutum que ahí se contemple, ou pregunta se se contempla esa partida específica para acondicionar a antiga escola da radio para acoller os ensaios a Banda Unión Musical de Allariz, onde poda deixar todo o seu material e traballar cómodamente porque tamén son dinamizadores da nosa marca, do noso concello de Allariz, e van polo mundo deixando o listón de Allariz moi alto e o seu nome en moi bo lugar, porque estamos a falar de mais de 170 persoas de Allariz entre a escola de música, a banda grande a pequena, a banda de iniciación, e non é de recibo que despois de tres anos teñan que estar ensaiando en distintos locais do concello.

Intervén finalmente o Alcalde para indicar que para ser unha aclaración á intervención do Sr. Secretaria é un pouco estraña porque un erro é un erro material e nada ten que ver co cumprimento da regra de gasto. Coa Banda vaia se cumprimos, afirma, porque no orzamento figura xa unha subvención nominativa de 12.000 euros e ó mesmo tempo con toda a loxística. En canto ó orgullo sinte tanto como o pode sentir a portavoz, é consciente de que deixa o nome de Allariz moi alto, mesmo os acompañamos ó País Vasco, tamén a Caudollac, e mesmo a Portugal a un concurso ao que se vai presentar, pero o de Allariz é un concello que actúa con prudencia e con limitacións; hai unha casa da cultura magnífica, unha casa da radio que está sendo utilizada por outros grupos cos que hai que compatibilizar espazo e mesmo a banda incluso utiliza este mesmo salón os fins de semana.

Seguidamente sométes a votación a petición de deixar o expediente sobre a mesa co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 2 (PP).

VOTOS EN CONTRA: 10 (9 do BNG e 1 do PsdeG-PSOE)

Seguidamente procédese a votar o fondo do asunto:

De conformide co dictamen favorable da comisión de facenda do 14,11,2017;

Visto o expediente que se tramita para a aprobación do Orzamento Xeral da Entidade para o 2018 integrado polo propio do Concello e o correspondente á sociedade mercantil de capital integramente municipal, REATUR, S.A., e Medioambiental Alaricana S.L. que non prevé actividade algunha durante o exercicio.

Comprobado que na súa tramitación cumpríronse os requisitos previstos no artigo 162 e seguintes da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así coma os artigos 18 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrolla o capítulo 1º do título 6º da citada Lei 39/88, é polo que;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables dos concelleiros e concelleiras do BNG (9), co voto en contra dos concelleiros e concelleiras do PP (2), coa abstención da concelleira do PsdeG-PSOE (1) ACORDA:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral do Concello de Allariz para 2018 integrado polos seguintes orzamentos:

- a) O propio do Concello que ascende a **6.365.000 euros**, en ingresos, e igual importe en gastos, aprobándose en estado de equilibrio.
- b) O da empresa de capital integramente municipal, REATUR S.A.

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

3º.- Aprobala plantilla de persoal que se estrutura en persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal.

4º.- Aproba-lo límite de gasto non financeiro co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento, conforme ao disposto no artigo 30 da Lei Orgnánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

5º.- Dispoñer que tra-la aprobación inicial se abra un trámite de exposición pública do expediente por prazo de 15 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións diante o Pleno. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións o Orzamento considerárase definitivamente aprobado; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

O presuposto, definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, incluíndo o propio da Entidade e tamén os das Sociedades Mercantis Municipais, e simultaneamente remitirase unha copia á Administración do Estado e á Administración correspondente da Xunta de Galicia.

6º.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar os presentes acordos, podendo expedir, asinar e correxir os erros materiais e involuntarios que se observen nos documentos aprobados.

Antes de levantar a sesión, o Alcalde recorda que o pleno ordinario do 24 novembro trasládase ó venres día 1 de decembro, tal como se comentara na comisión de facenda, mais outra sesión extraordinaria en principio para o 22 de decembro para aprobar definitivamente as ordenanzas fiscais actualmente exposición pública.

15

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE, Francisco García Suárez. Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.

